

REDE
MUSEÍSTICA
DA DEPUTACIÓN
DE LUGO

NADAL
2013

BO
NADAL



Máis información:




e na web: www.museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

Aproxímase o solsticio de inverno e canda el o Natalicio que o mundo cristián conmemora nestes días. As nosas actividades cotiás deixan paso a un tempo diferente no que medra como herba venturosa a ilusión. Reencóntranse as familias, ofrecemos bos desexos, intercambiamos agasallos, participamos da festa para despedir un ano e iniciar outro, a ser posible, mellor. Pero como, seguramente, terás tempo sobre para atender máis quefaceres, os museos xestionados pola área de Cultura e Turismo e integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo, ao tempo que che desexamos as mellores festas e un moi feliz ano 2014, queremos propoñerche para estas datas un abano moi completo de actividades. Un programa guiado pola fantasía pois temos a sorte de contar co **Apalpador** como embaixador da alegría.

Pero ademais da visita do **Apalpador**, que baixa nestas datas desde as montañas do oriente lucense, do Courel ou dos Ancares, coa súa fartura de castañas quentiñas e con un sorriso agarimoso, temos moitas máis propostas que ofrecerche. Desde obradoiros para todas as idades e temas (xoias, contos e lendas, debuxos, xogos, fias, tapices, pergameos, reciclaxe ...), ata exposicións, cine, concertos e o nº 35 da revista oral "O pazo das musas".

Son actividades para case todos os días deste Nadal, en todos os museos da Rede, para que te achegues aos nosos centros como lugares de encontro, pero tamén de lecer e aprendizaxe.

Non esquezas solicitar toda a información que precises no museo da Rede da Deputación de Lugo máis próximo á túa residencia.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



> **Obradoiro:** *Ponte guapo, bonito! Xoiaría masculina para ver, facer e poñer.*

Sabedes que son os hábitos ou encomendas, as cruces pectorais, os bastóns, os reloxos de peto e *leontinas*, o *Toisón de Ouro*, ou os rosarios? Percorrendo diferentes salas do Museo, achegarémonos aos fondos das seccións de Belas Artes e Artes Decorativas e coñeceremos estes adornos masculinos empregados dende hai moito tempo ... Logo elaboraremos a reprodución dunha desas pezas.

Imparte: M^ª del Rosario Fernández González, departamento de Etnografía e Artes Decorativas do MPLugo

Idades: de 8 a 14 anos.

Datas: 23 de decembro de 2013.

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria: Departamento de Didáctica do MPLugo.

> **Obradoiro:** *Francis no Nadal*

Ao chegar o Nadal *Francis*, unha mascota do Museo ataviada coa roupaxe típica destas festas achegará a todos os nenos e nenas historias, contos e lendas do Museo Provincial de Lugo.

Imparte: Raquel Guerrero Prieto, Departamento de Didáctica do MPLugo.

Idades: de 4 a 7 anos.

Datas: 26 e 27 de decembro de 2013.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do MPLugo.

> **Obradoiro:** *Debuxa o Nadal*

Realizaremos un conto ilustrado con tema do Nadal.

Imparte: Paula Salinas Somoza, Departamento de Didáctica.

Idades: de 6 a 8 anos.

Datas: 27 de decembro de 2013.

Horario: de 12:00 a 13:30 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do MPLugo.

> **Obradoiro:** *Personaxes do Nadal*

Xogo de localización e investigación na biblioteca do Museo, de personaxes históricos ou míticos, representados en pinturas, esculturas ou outros obxectos expostos no Museo.

Imparte: J. Manuel Mendoza Castiñeira, Departamento de Didáctica do MPLugo.

Idades: de 8 a 12 anos.

Datas: 3 de xaneiro de 2014.

Horario: de 12:00 a 13:30 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do MPLugo.

> **Obradoiro:** *O Museo como máquina do tempo*

Xogo no que os rapaces e rapazas viaxan no tempo a través do Museo, tratando de atopar as diferentes pezas, relacionadas cada unha coa súa época histórica, xunto coa súa definición para coñecer así a función e importancia de cada unha dentro da historia.

Imparte: Manuel Barreiro Mariño, Departamento de Didáctica do MPLugo.

Idades: De 10 a 12 anos.

Datas: 7 de xaneiro de 2014.

Horario: De 17:00 a 18:30 h.

Prazas: 20.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do MPLugo.

> Obradoiro: *Festas Romanas*

Na antiga Roma, o ano tiña numerosas festas consagradas aos deuses. Repasaremos algúns dos seus mitos e ritos, e como actividade práctica elaboraremos o noso calendario romano.

Imparte: Lucía Dequidt Lagares, departamento de Didáctica do MPLugo e Enrique Alcorta Irastorza, responsable Arqueoloxía e Historia do MPLugo.

Idades: de 8 a 14 anos

Datas: 1ª Quenda: 2 e 3 de xaneiro de 2014.

2ª Quenda: 7 e 8 de xaneiro de 2014.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do MPLugo.

> Obradoiro: *Fía*

A actividade, unha fía tradicional, realizarase na cociña do antigo convento de San Francisco (hoxe ocupado polo MPLugo). Unha volta ás orixes, aos tempos nos que se cultivaba o liño e logo dun proceso longo e complexo se elaboraban desde mantas ata finas e delicadas prendas de vestir.

Imparte: Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de Ínsua, Vilalba (Lugo)

Idades: de 8 a 14 anos (Fía infantil)

Datas: 3 de xaneiro de 2014

Horarios: De 10:30 a 13:30 h.-Fía infantil

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria (para a Fía infantil):

Departamento de Didáctica do MPLugo.

De 17:00 a 20:00 h.-Fía para todos os públicos

> Exposicións

Exposición: *A vangarda das formas. Obra cerámica de Isaac Díaz Pardo* (Sala de Exposicións do MPLugo, do 14 de novembro de 2013 ao 2 de febreiro de 2014)

Exposición: *Galiza nun tempo de seu* (Refeitorio do MPLugo, do 5 de decembro de 2013 ao 5 de marzo de 2014)

Exposición: *Rexurdir do nacionalismo galego: do piñeirismo ao Consello da Mocidade* (do 17 de decembro de 2013 ao 15 de xaneiro de 2014)

Videoinstalación: *Venite ad me, et facial voz feri piscatores hominum*, de **Andrea Estévez Castiñeira**. (Integrada no proxecto EnREDarte "Diálogos na Rede") (do 18 de decembro ao 7 de xaneiro de 2014)

Traballos realizados polo Clube Senior da Rede Museística (do 23 de decembro de 2013 ao 7 de xaneiro de 2014). Corredor Sala Exposicións do MPLugo.

> Outras propostas:

Museos socialmente comprometidos

16 de xaneiro de 2014. Obradoiro "*Eu en ti, Ti en min*" en colaboración coa Asociación Raiolas, dirixido a persoas con autismo. Realizaremos unha actividade de identificación a través do retrato dende a mirada do outro.

22 de xaneiro de 2014. Accesibilidade e cárcere (Museos Públicos 25.2.)

Segunda visita ao Centro Penitenciario de Bonxe dentro do proxecto global "ENREDARTE: Espazos públicos de visibilidade" co dobre obxectivo de achegar os museos a colectivos que non son, tradicionalmente, usuarios dos mesmos e o de colaborar na integración social a través da cultura, atendendo ao mandado no artigo 25.2 da Constitución.

Ciclo de cine Euroárabe Amal

Todos os sábados de decembro a partir das 18 h. e os domingos de decembro ás 12:30 h. (Consulte programa na web da Rede Museística)

Outras actividades programadas pola área de Cultura e Turismo da Deputación para estas datas

- Luns, 23 de decembro, ás 17:30 h.: *O Apalpador* percorre as rúas de Lugo.

- Xoves, 2 de xaneiro ás 18:30 h.: *Actuación musicalizada* na Sala de Exposicións da Deputación.

- Luns, 6 de xaneiro ás 18:30 h.: *Contacontos* na Sala de Exposicións da Deputación.

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA



> **Obradoiro:** *O renacer da cultura: recendo en San Paio*
O renacer da cultura, é dicir o Renacemento italiano, chega a través dos tapices de San Paio de Narla. Temos o obxectivo de concienciar aos neno/as no tecido dun tapiz, onde se combina a actitude artística coa artesanía para producir ou facer tesouros que hoxe en día se conservan e coleccións privadas e museos, como é o caso dos tapices en San Paio de Narla, expostos nas diferentes salas. O obradoiro constará cunha parte teórica e unha parte práctica. Na parte teórica estudaremos a historia do tapiz, orixes, épocas, confección ... e na parte práctica a confección dun tapiz.

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Fortaleza San Paio de Narla

Idades: sen límite.

Datas: 28 e 29 de decembro de 2013.

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Fortaleza San Paio de Narla.

> **Obradoiro:** *Unha viaxe á Idade Media: os castelos*
Obxectivo: Comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico. Recoñecer os edificios que nos legaron e concienciar aos nenos/as da necesidade de conservalos para as vindeiras xeracións. Consta dunha parte práctica e dunha parte teórica. Na parte teórica estudaremos a arquitectura dos castelos e na parte práctica construiremos o noso castelo.

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Fortaleza San Paio de Narla

Idades: sen límite.

Datas: 3 e 4 de xaneiro de 2014.

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Fortaleza San Paio de Narla.

> **Exposicións**

Exposición: *Galiza nun tempo de seu* (do 17 de decembro de 2013 ao 17 de marzo de 2014)

> **Outras propostas: Museos socialmente comprometidos**

Visitas guiadas telefónicas dirixidas a todas aquelas persoas que, dada a súa situación persoal, non teñen acceso ao museo e á colección que atesoura. Estas visitas continuarán ao longo do ano 2014, todos os días 3 de cada mes, previa inscrición.

Ciclo de cine Euroárabe Amal

Todos os sábados de decembro a partir das 16:15 h. (Consulte programa na web da Rede Museística)

MUSEO PROVINCIAL DO MAR



> **Obradoiro:** *Desexos para o Nadal*
Faremos árbores de cartón que decoraremos con tarxetas nas que os nenos e nenas escribirán os seus desexos de Nadal. Ademais, facilitaremos tarxetas para que quen o desexe poida expresar os seus desexos e deixalos na árbore de Nadal do Museo.

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar

Idades: de 4 a 14 anos.

Datas: 21 de decembro de 2013.

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar.

> **Obradoiro:** *Propósitos de Aninovo*
Elaboraremos un almanaque para decorar cos bos propósitos para o ano que chega.

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar

Idades: de 4 a 14 anos.

Datas: 28 de decembro de 2013.

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar.

> **Obradoiro:** *O saqueto do mariñeiro*

Confeccionaremos un saco como o que levaban os mariñeiros para recoller os regalos que veñen vindo nestas datas

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar

Idades: de 4 a 14 anos.

Datas: 4 de xaneiro de 2014.

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 15.

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar.

> **Despedindo o ano**

Venres, 27 de decembro. Xuntanza con xente maior para falar de cómo se celebraban antes estas datas.

> **Outras propostas**

Exposición: *Galiza nun tempo de seu* (do 17 de decembro de 2013 ao 17 de marzo de 2014)

Ciclo de cine Euroárabe Amal

Todos os sábados de decembro a partir das 16:30 h. e os domingos de decembro a partir das 12:00 h. (Consulte programa na web da Rede Museística)

MUSEO PAZO DE TOR



> **Obradoiro:** *Ponte guapo, bonito! Xoiaría masculina para ver, facer e poñer*

Sabedes que son os hábitos ou encomendas, as cruces pectorais, os bastóns, os reloxos de peto e *leontinas*, o *Toisón de Ouro*, ou os rosarios? Percorrendo diferentes salas do Museo, coñeceremos estes adornos masculinos empregados dende hai moito tempo. Logo elaboraremos a reprodución dunha desas pezas.

Imparte: M^a del Rosario Fernández González, departamento de Etnografía e Artes Decorativas do MPLugo

Idades: de 8 a 14 anos.

Datas: 26 de decembro de 2013.

Horario: de 12:00 a 13:30 h.

Prazas: 15

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor.

> **Obradoiro:** *Os pergameos do Pazo de Tor*

A biblioteca do Pazo de Tor alberga uns 400 pergameos antigos e actuais que están expostos en diferentes salas. Benjamín de Prado, curmán da señora do pazo, dona M^ª Paz, era un verdadeiro artista coa *plumilla*, e fixo diversas dedicatorias, felicitacións e agradecementos. Ímolo imitar facendo un pergameo, usando materiais reciclados.

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor

Idades: sen límite.

Datas: 27 de decembro de 2013.

Horario: de 12:00 a 13:30 h.

Prazas: 15

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor.

> **Obradoiro:** *Reciclando O Nadal*

Pouco a pouco, e entre todos, fixemos do Nadal unhas festas asociadas ó consumismo. Nestes tempos de crise, de necesidade para moitos, agora máis ca nunca temos que recuperar a verdadeira esencia do Nadal, na que a felicidade medra desde a solidariedade. O Nadal non é o que podemos comprar, é o que podemos construír entre todos. Con este obradoiro queremos ensinarvos que coas nosas mans e aproveitando cousas que temos arredor ou obxectos de refugallo, podemos facer xoguetes para divertirnos ou adornar a nosa casa para estas festas.

Imparte: Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor

Idades: sen límite.

Datas: 28 de decembro de 2013.

Horario: de 12:00 a 13:30 h.

Prazas: 15

Inscripción obrigatoria no Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor.

> **Concerto de Nadal:** Grupo musical "Os Parentes" (Grupo Trícole).

Domingo, 29 de decembro de 2012, ás 18:30 h.

> **Exposicións**

Exposición: *Galiza nun tempo de seu* (do 17 de decembro de 2013 ao 17 de marzo de 2014)

Intervención-exposición: *Aprendo a ser vestido*, de **Paula Cabaleiro**. (Integrada no proxecto EnREDarte "Diálogos na Rede"). Inauguración: 20 de decembro de 2013.

> **Outras propostas: Museos socialmente comprometidos**

20 e 21 de decembro de 2013. Obradoiro "*Realidade aumentada para mellorar a accesibilidade aos museos*", impartido por **Mónica Castro de Lera** e dirixido ao grupo de traballo social vinculado aos Proxectos de "Fotografía a cegas" e "Mulleres de aquí e acolá".

Ciclo de cine Euroárabe Amal

Todos os sábados de decembro a partir das 17 h. e os domingos de decembro a partir das 11:30 h..

(Consulte programa na web da Rede Museística)

.....
MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTAS ACTIVIDADES:

Museo Provincial de Lugo

T. 982 24 23 00 / 982 24 21 12

didactica@museolugo.org

Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Friol

T. 982 37 51 56

sanpaiodenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar San Cibrao, Cervo

T. 982 59 45 72

museodomar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor Monforte de Lemos

T. 982 165 534

pazodetor@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística

T. 699 836 883

xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

.....
Colabora:

